

QUE NON PARE O CONTO!

Do 15 de xullo ó 15 de setembro de 2019

Bases

1. Obxecto

O obxecto da actividade é a promoción da lectura entre infancia e a mocidade e o impulso da creatividade e a imaxinación baseada na lectura. A actividade consiste na realización dun debuxo inspirado nunha lectura e na entrega do mesmo na Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña, polo que se recibirá un agasallo.

2. Participantes

Poderán participar todas as persoas socias da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña menores de idade. Cada participante só poderá presentar unha única obra.

3. Temática

Os debuxos versarán sobre a lectura elixida pola persoa participante, que constará cos seus datos no propio debuxo, segundo o modelo facilitado xunto con estas bases.

4. Formato

O formato será DIN A4 formato vertical ou horizontal segundo participen na BBTK Infantil ou na Biblioteca Xuvenil respectivamente. A técnica é libre.

5. Agasallo

Todas as persoas participantes que cumpran coas bases recibirán un agasallo da Biblioteca no momento no que entreguen o traballo xunto coa autorización que se xunta debidamente cuberta e asinada.

6. Dereitos

A Biblioteca da Deputación reserva o dereito a facer uso das obras, o que implica a cesión dos dereitos de autora ou autor para que a institución poida darlle difusión nas súas canles internas e externas no marco dos seus fins de promoción da lectura e difusión cultural. A participación nesta actividade implica a aceptación total das bases.

Don/Dona _____

con DNI _____ como pai/nai ou titor/a de

1.- Autorizo a participación do meu/miña fillo/a na actividade “Que non pare o conto!” e acepto as bases.

2.- Autorizo á Biblioteca da Deputación da Coruña para que empregue os datos de carácter persoal e imaxes así como o traballo para difusión nas súas canles internas e externas no marco dos seus fins de promoción da lectura e difusión cultural.

3.- Logo de ler a información en materia de protección de datos que figura a continuación na ficha, consinto expresamente o tratamento dos datos persoais que constan nel.

Lugar e data _____, _____ de _____ de 2019.

Asinado (pai, nai, titor/a legal)

Os datos subministrados nesta ficha teñen a finalidade de poder desenvolver a actividade “Que non pare o conto!”, no que vostede participa e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O responsable do tratamento dos datos é a Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que a persoa asinante outorga á Deputación Provincial coa súa sinatura. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non se poderá ter acceso á actividade por imposibilidade de tramitar a solicitude.

O destinatario dos datos é a Deputación provincial que non cederá datos a terceiros, agás obriga legal. Estes datos conservaranse ata a finalización do obxecto da actividade.

Ten vostede os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade deles en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación, na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 a Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Pode consultar a política de privacidade da Deputación no enderezo: [//www.dacoruna.gal/aviso/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/aviso/politica-privacidade)